

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO.**

-----

Sendo as 13:45 horas do día 28 de agosto de 2015, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe de contratación, don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada-asesora da Asesoría Xurídica, actuando como suplente do titular da Asesoría Xurídica.
- don Manuel Louzao Aldariz, Técnico do servizo de contratación, actuando como Secretario.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello.
- don Eduardo Risco Bóveda, Técnico do servizo de Informática.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese a dar lectura do Informe técnico solicitado pola mesa de contratación con respecto ós criterios non avaliados automaticamente da empresa admitida á licitación e emitido polo Xefe do servizo de informática do Concello de Lugo, transcrito do seguinte xeito:

*"En cumprimento da providencia para a elaboración dun informe relativo á valoración das ofertas técnicas presentadas para a A CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO, solicitado pola Mesa de Contratación na sesión do día 13 de agosto de 2015,*

INFORMO:

*Que a este Servizo de Informática achegouse unha única oferta que corresponde á presentada pola mercantil Ozona Consulting, SL.*

*Que os requisitos incluídos no Prego de Prescricións Técnicas e o seu cumprimento por parte do licitador reflíctense na seguinte táboa:*

Requisito	Requisito	Oferta Ozona	Aclaracións
<b>XERAL:</b>			
Migración da plataforma Citrix Presentation Server a Citrix XenApp 6.5 e XenDesktop Enterprise 7.5 sobre tecnoloxía virtual Xenserver		OK	XenApp 7.6 XenDesktop 7.6
Consideración das licenzas xa existentes no Concello: 4 de Citrix XenServer Advanced Edition (con Subscription Advantage - x1 Server License), 45 de		OK	

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/cbg

Refª: acta lect inf tecn e apert sobres C

Asunto:

Citrix Presentation Server Enterprise e 80 de Citrix Metaframe XPe para Windows			
Para a acreditación da <b>solvencia técnica</b> deberá xustificarse ter realizado un proxecto de similares características e importe igual ou superior ó tope de licitación do presente prego, que tiveran lugar nos derradeiros 3 anos.		SOBRE C	
Custo máximo de adxudicación <b>44.446,93€</b> , IVE incluído.		SOBRE C	
Implantación dunha infraestrutura que permita a virtualización de escritorios e aplicacións		OK	
Esquema de escritorios virtuais compartidos (Hosted Shared Desktop) ou de escritorios virtuais dedicados (VDI). Elementos precisos para a provisión de escritorios baixo ambas modalidades, HSD ou VDI, co gallo de dispoñer de alternativas		OK	
Estará soportada pola plataforma de virtualización existente no Concello de Lugo		OK	
Garantirá a conexión segura por LAN e WAN aos escritorios.		NetScaler Gateway VPX	
Subministraranse todas as licenzas precisas para o funcionamento da solución, cumprindo as políticas de licenzamento dos fabricantes do equipamento físico e lóxico		XenApp, XenDesktop e NetScaler	Entendo que OK
Permitirá a asignación a cada usuario dun escritorio onde estarán as aplicacións que precise para o desenvolvemento do seu traballo.		OK	
Proporcionará un método para actualización de aplicacións, parcheados e presentación de aplicacións a usuarios		OK	
Garantirase que o impacto sobre a dispoñibilidade dos sistemas actuais será mínimo: cambios de máquinas, consolidación de servizos virtuais, aumento ou diminución de servizos		OK	
Posibilitarase entregar aplicacións e/ou escritorios (desktops) aos usuarios segundo necesidade de xeito rápido, sinxelo e seguro.		OK	
<b>SERVIZOS destacados:</b>			
Servizos obxecto da contratación destacados:			
	Implantación dunha nova granxa XenApp e XenDesktop sobre servidores virtuais	OK	
	Creación de plantillas no entorno Xenserver do Concello	OK	
	Aplicación de optimizacións e recomendacións de Citrix XenApp e Xendesktop sobre XenServer segundo as recomendacións dos fabricantes.	OK	
	Despregamento de "desktops" compartidos aos usuarios.	OK	
	Actualización de Citrix Web Interface.	StoreFront	OK
	Mantemento (un ano) de todo o software e dos servizos desenvolvidos.	OK	
	Mantemento (tres anos) do hardware que se instale.	N/D	OK por omisión
	Formación	OK	
	Documentación	OK	Boa

<b>PROXECTO:</b>			
Realizárase unha "proba de concepto" (PoC) de Citrix XenDesktop 7.5 (implementación parcial da solución para verificar que pode ser explotada de xeito útil).		OK	
Comprobaranse as aplicacións instaladas que determine o Servizo de Informática:			
	Previo: toma inicial de requisitos, planificación detallada, colleita de información, revisión da plataforma de virtualización e proposta de roles de acceso e nivel de permisos	OK	Etapa1 - Fase 1
	Implantación da PoC: instalación da plataforma (despregamento de WI, servidores coas aplicacións definidas polo Servizo de Informática e a posta en marcha das políticas de citrix para impresión. Redacción do documento de conclusións PoC. Entrega das licenzas software	OK	Etapa1 - Fase 2
Realizárase unha fase piloto para verificar os compoñentes da plataforma XenApp:		OK	
	Despregamento no entorno piloto de preproducción	OK	20 usuarios
	Creación dunha granxa XenApp para acceso a aplicacións virtuais sobre plataforma virtual (deseño previo da fase e o despregue de nodos adicionais)	OK	Etapa2 - Fase 1
	Instalación de XenApp adicionais para o piloto e proba das ferramentas de administración	OK	Etapa2 - Fase 2
	Configuración da plataforma de XenApp e análise dos resultados para planificar o despregue	OK	Etapa2 - Fase 1 - ¿Fase2?
	Elaboración dun manual de migración dos PCs a Thin-Clients para cada oficina	N/D	Etapa 4?
Despregue final da contorna definitiva: nodos adicionais, WIs e XenApp que se requiran. Documentar en formato dixital a arquitectura e configuración despregada		OK	Etapa 3
	Procedementos básicos de administración e mantemento	N/D	Etapa 3
	Repositorio de ficheiros, scripts, ... empregados	N/D	Etapa 4?
	Incidencias e problemas durante a implantación e a súa resolución	N/D	Etapa 4?
	Documentación oficial dos fabricantes	N/D	Etapa 4?
<b>HARDWARE:</b>			
Subministración, instalación e configuración de 50 terminais lixeiros ("zero client") coas seguintes características mínimas:		Thinclients Ncomputing N400	Módulo DNI-e
	Aproveitarán monitores, teclados e ratos existentes. De non seren compatibles: Monitor de 22", 16x9, res máx 1680x1050, temp resp <10 ms, separac píx < 0,4 mm, relac contr mín: 1000:1. Teclado con lector de tarxetas criptográficas integrado soportando	N/D	Entendo OK

## CONTRATAÇÃO, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta lect inf tecn e apert sobres C

Asunto:

	<i>formatos do FNMT, Bit4ide e DNle. Roto óptico.</i>		
	<i>Poderá ir montado no soporte VESA do monitor existente.</i>	N/A	
	<i>Arquitectura "zero client"</i>	OK	
	<i>Consumo en funcionamento &lt; 5W</i>	OK	<i>En web fabricante</i>
	<i>Consumo en espera &lt; 2W</i>	1,5W	OK
	<i>Procesador de 600 Mhz ou superior</i>	OK	
	<i>Memoria de terminal de 256 MB</i>	512 MB	
	<i>Ethernet 10/100/1000 (RJ45), TCP/IP, DNS dinámico e DHCP</i>	OK	
	<i>Vvídeo a pantalla completa en HD</i>	OK	
	<i>Rreproducción de vídeo HD 720 p</i>	OK	
	<i>Permitirá reprodución de vídeo flash HD 720 p</i>	OK	
	<i>4 portos USB 2.0</i>		4
	<i>"Display port"</i>	OK	
	<i>Entrada e saída de audio</i>	OK	
	<i>Conformes coa normativa da Unión Europea e española respecto á calidade, ergonómia, medioambiente, aforro enerxético, compatibilidade electromagnética, redución de radiación emitida e seguridade</i>	N/D	<i>Entendo OK</i>
<i>Migración á nova arquitectura dos postos de traballo que decida o Servizo de Informática, seguindo as directrices do Servizo de Informática:</i>			
	<i>Quedarán integrados na rede de datos municipal</i>	OK	
	<i>Quedarán etiquetados e identificados na ferramenta de inventario de Informática e no seu sistema de xestión de incidencias</i>	N/D	<i>OK por omisión</i>
<i>Garantirase o funcionamento dos periféricos USB e de rede (multifuncións, impresoras de rede e impresoras e escáneres USB)</i>		OK	<i>Teoricamente OK, pero é imposible garantir. Testear na primeira etapa</i>
<i>Garantirase o funcionamento dos periféricos serie ou paralelo</i>		N/D	<i>Teoricamente OK, pero é imposible garantir. Testear na primeira etapa</i>
<i>A solución permitirá a xestión centralizada e remota dos postos de traballo.</i>		OK	
<i>Migración e posta en marcha na novo arquitectura das aplicacións corporativas en uso que defina o Servizo de Informática, estean publicadas ou non en Citrix Presentation Server 4.0:</i>		OK	
	<i>ERP TAO: Xestión Municipal de T-Systems (Xestión Tributaria, Contabilidade, Padrón, Multas, Cemiterio, diversos conectores (Conecta,</i>	N/A	<i>Elixirá Inform.</i>

	DGT), módulo de Xestorías, Carpeta Cidadá, etc)		
	OpenOffice	N/A	Elixirá Inform.
	LibreOffice	N/A	Elixirá Inform.
	MS Office	N/A	Elixirá Inform.
	Aplicacións en VBA	N/A	Elixirá Inform.
	Aplicacións Informix 4GL	N/A	Elixirá Inform.
	Aplicacións en BBDD Access	N/A	Elixirá Inform.
	Aplicacións en BBDD OpenOffice	N/A	Elixirá Inform.
	Adobe Acrobat	N/A	Elixirá Inform.
	Adobe Photoshop	N/A	Elixirá Inform.
	SIUSS da Xunta de Galicia, para xestión de servizos sociais.	N/A	Elixirá Inform.
	Xestión da Policía Local Eurocop.	N/A	Elixirá Inform.
	Xestión de Nómina Ginpix 7 de SAVIA	N/A	Elixirá Inform.
	Nómina de Meta4	N/A	Elixirá Inform.
	Sistema de control de presenza Ábaco	N/A	Elixirá Inform.
	Sistema de xestión de cálculos e medicións Menfis	N/A	Elixirá Inform.
	Programa de presupostos de Urbanismo Presto	N/A	Elixirá Inform.
	Programa Medicións cartográficas Goolinvent	N/A	Elixirá Inform.
	Sistema catastral de medicións cartográficas	N/A	Elixirá Inform.
	Autocad LT	N/A	Elixirá Inform.
	Sistema Antivirus – Kaspersky	N/A	Elixirá Inform.
	Sistema de Xestión de Polideportivos	N/A	Elixirá Inform.
	Xestión de Bibliotecas Libermarc	N/A	Elixirá Inform.
<b>Características do software de xestión do VDI:</b>			
	Administración centralizada.	OK	
	Soposte Multi-Hipervisor para toda a plataforma VDI (Xenserver).	OK	
	Soposte para escritorios VDI e sesións de terminal de forma indistinta (posibilidade de presentar aplicacións individuais ou escritorios completos)	OK	
	Entrega de aplicacións virtualizadas aos desktops físicos ou virtuais mediante visualización ou streaming	OK	
	Alta escalabilidade e dispoñibilidade	OK	
	Cubrirá postos VDI, escritorios compartidos, aplicacións compartidas, etc.	OK	
	Protocolo de comunicacións cun mínimo uso de ancho de banda	N/D	Entendo que o inclúe o produto
	Presentación de contido multimedia en alta definición	OK	
	Acceso de usuarios dende o exterior de xeito seguro.	OK	
	Accesos exteriores por SSL sen limitacións de ancho de banda	N/D	Entendo que o inclúe o produto
	Posibilidade de habilitar filtros e políticas de acceso segundo o usuario ou dispositivo	OK	
	Bo rendemento multimedia	OK	

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta lect inf tecn e apert sobres C

Asunto:

	<i>Posibilidade de vídeo-conferencia en tempo real con consumo reducido de ancho de banda, audio e vídeo bidireccional</i>	N/D	<i>Entendo que o inclúe o produto</i>
	<i>Uso simple e transparente de periféricos: usb, múltiples monitores, reprodutores MP3, cámaras e lectores tarxetas intelixentes (FNMT e Camerfirma)</i>	N/D	<i>Entendo que o inclúe o produto</i>
	<i>Posibilidade de traballo sen conexión (off line) para desktops e aplicacións publicadas</i>	OK	
	<i>Xestión centralizada de aplicacións empaquetadas e distribución de paquetes</i>	OK	
	<i>Posibilidade de asignar múltiples monitores a un escritorio virtual con axuste automática da resolución</i>	N/D	<i>Entendo que o inclúe o produto</i>
	<i>Soportará: portátiles, thin-clients, tablets e smartphones</i>	OK	
	<i>Soportará: Microsoft Windows, Linux, Apple MacOS, Google Android, Apple iOS e Windows Mobile</i>	N/D	<i>Entendo que o inclúe o produto</i>
	<i>Balancedo de carga nos servidores en función dos usuarios</i>	N/D	<i>Entendo que o inclúe o produto</i>
	<i>Posibilidade de redireccionar contidos multimedia (Adobe Flash) ao dispositivo cliente para mellorar o rendemento</i>	OK	
	<i>Ferramenta de xestión do perfil para de manter a configuración e datos da usuario</i>	OK	
	<i>Traslado automático de sesións (entre dispositivos e localizacións) de xeito transparente</i>	OK	
	<i>Despregamento e xestión centralizada de imaxes do sistema operativo de escritorios e servidores da infraestrutura VDI</i>	OK	
<b>PERSOAL:</b>			
	<i>Persoal que dispoña de certificacións oficiais nos produtos a instalar.</i>	OK	<i>Responsable + Enxeneiro senior</i>
	<i>Disporá da certificación da/s empresa/s ou cliente/s aos que se lle prestaron os mencionados servizos por parte do persoal concreto asignado a este contrato:</i>		<i>Descoñezo se presenta certifs. Na proposta inclúe unha relación</i>
	<i>Experiencia na instalación e posta en marcha de solucións equivalentes noutros proxectos</i>	OK	<i>Certificacións?</i>
	<i>Especializado en proxectos de centralización de aplicacións (Server Based Computing)</i>	OK	<i>Certificacións?</i>
	<i>Especializado en proxectos de consolidación e virtualización de sistemas (server e desktop)</i>	OK	<i>Certificacións?</i>
	<i>Especializados no emprego das tecnoloxías que se propoñen no proxecto</i>	OK	<i>Certificacións?</i>



Outras acreditacións			
	Partner de Citrix (p.ex. Gold Solution Advisor)	OK	Certificacións?
	XenDesktop ELITE CERTIFIED	OK	Certificacións?
	Certificacións en Virtualización de Microsoft (p.ex. Gold Partner)	OK	Certificacións?
	Certificacións individuais na área de Citrix (CCIA, CCEA, CCA)	OK	Moitas, Certifs?
	Pertenza á Alianza de Virtualización de Citrix con Microsoft	N/D	Non se considera
	Outras	OK	Moitas Citrix. Certifs?
<b>FORMACIÓN:</b>			
Presencial.		N/D	OK por omisión
Duración mínima de 10 horas		12h	
<b>GARANTÍAS E MANTEMENTO:</b>			
Software, solucións lóxicas e servizos terán <b>garantía dun ano, update &amp; support</b>		OK	Soporte Citrix directo 24x7
Hardware terá <b>garantía do fabricante por un mínimo de tres anos</b>		N/D	OK por omisión
O adxudicatario asegurará:			
	Mantenemento e reparación do hardware segundo as prescricións do fabricante (con persoal certificado)	N/D	OK por omisión
	Acordos a niveis de servizo (non existen mínimos)	N/D	Nonos oferta
	Infraestrutura tecnolóxica precisa para a prestación do servizo	N/D	OK por omisión
	Tempos de resposta	CITRIX Directamente	Nonos oferta
	Tempos de resolución	CITRIX Directamente	Nonos oferta
	Informes sobre o estado das incidencias, tempos de resposta e de resolución e grao de cumprimento de SLAs baixo demanda	CITRIX Directamente	Nonos oferta
	Sistema web para comunicación e seguimento de incidencias	N/D	CITRIX Directamente
	Servizo de atención telefónica	CITRIX Directamente	Supoño
	Se parte do equipamento presenta fallos repetidos, substituirase por outro material con características equivalentes ou superiores	N/D	OK por omisión
<b>DURACIÓN do contrato:</b>			
Implantación do proxecto: <b>trinta xornadas laborais</b> (mínimo 15 xornadas avaliáveis) a partires da subministración dos equipos		SOBRE C	
A subministración dos equipos: prazo máximo <b>dun mes a contar dende a sinatura do contrato</b>		SOBRE C	
Os servizos asociados á garantía do software abranguen un ano.		OK	
Os servizos asociados á garantía e mantemento do hardware abranguen os 3 anos da garantía.		N/D	OK por omisión
Traballlos vía web sempre que sexa posible		OK	

As prescricións ás que o licitador **non** se refire explicitamente na súa oferta técnica, sinaladas coma non dispoñibles (N/D), considéranse cubertas pola aceptación e acatamento implícito do PPT ao presentar a súa oferta, e que podería estar incluído nunha cláusula da súa oferta dentro da documentación administrativa.



## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta lect inf tecn e apert sobres C

Asunto:

Entre os requisitos non mencionados explicitamente polo licitador na súa oferta, destaca o correspondente á garantía do fabricante do hardware, que deberá ser dun mínimo de tres anos, segundo se indica no apartado 7 do PPT: "Pola súa banda, o hardware que se ten que fornecer deberá dispoñer dunha garantía do fabricante por un período mínimo de tres anos". Haberá que comprobar este punto no momento de realizar a implantación o adxudicatario.

Con respecto ás prescricións relativas ao funcionamento dos periféricos USB, de rede e os serie e paralelo, esíxese no PPT que "garantirase o funcionamento dos periféricos USB e de rede (multifuncións, impresoras de rede e impresoras e escáneres USB)" e tamén que "garantirase o funcionamento dos periféricos serie ou paralelo". Dado que os ditos periféricos atópanse xa integrados na rede municipal, non sendo obxecto desta contratación, non se pode garantir a priori o funcionamento destes na contorna da solución aportada. O que si se garante é a habilitación e o uso dos portos dos "thin clients", quedando para a fase de PoC ou a fase piloto a comprobación do funcionamento dos periféricos en cuestión.

Polo exposto, considérase por este servizo que a oferta presentada pola empresa Ozona Consulting, SL cumpre coas especificacións técnicas sinaladas no PPT, polo que procedeuse á elaboración da seguinte táboa resume das achegas da empresa ás posibles melloras avaliadas:

ASPECTOS A VALORAR		Oferta Ozona	Aclaracións
Melloras á oferta económica		SOBRE C	
Menor tempo de instalación, configuración e probas (>15 xornadas, < 30 xornadas)		SOBRE C	
ISO 27001		SOBRE C	
ISO 20000		SOBRE C	
ISO 9001/2000/2008		SOBRE C	
Número de clientes lixeiros (> 50)		SOBRE C	
Melloras nas licenzas		Citrix Netscaler Gateway	
Outras melloras do hardware		512 MB RAM	Memoria N400
Calidade técnica: O Concello resérvase o dereito de esixir, cara á avaliación da solución ofertada e previa á resolución do concurso, unha proba consistente na conexión vía LAN dun terminal lixeiro á LAN municipal, e facer probas de despregamento e funcionamento do software que indique o Servizo de Informática. No caso malfuncionamento dalgunha aplicación poderase desestimar a oferta		N/A	Entendo que non é avaliable
Plan de proxecto, probas e despregue dos escritorios		OK	
Melloras da xestión de contornas virtualizadas: funcionalidades do SW que faciliten a xestión e operación das contornas virtualizadas		N/D	
Mínimo impacto posible no funcionamento normal do Concello (fóra do horario laboral, ...)		Pola tarde	
Perfil do equipo de traballo adscrito ó proxecto		OK	
Tempos de resposta e resolución de incidencias		N/D	
Servizos de valor engadido		N/D	
Outras melloras sobre garantías e mantemento		Mantemento CITRIX	24x7
Formación:			
	Número de horas (> 10)	12h	
	Contidos incluídos	OK	
	Coaching tecnolóxico	SI	



Posto que á presente licitación presentouse unha única oferta, aos apartados nos que se achega algunha mellora relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, asignóuselles a puntuación máxima. O único punto con valoración 0 corresponde ás "melloras relacionadas coa xestión de contornas virtualizadas" das que non se especificou ningunha mellora na oferta. A puntuación proposta por este servizo para os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor da única oferta presentada, amósase na seguinte táboa:

Criterio	Punt. Máx.	Punt Ozona
Melloras en licenzas	12	12
Calidade técnica da oferta	12	12
Melloras referentes ás Garantías e Mantemento	6	6
Formación	4	4
Plan de proxecto, probas e despregue dos escritorios	2	2
Melloras relacionadas coa xestión de contornas virtualizadas	2	0
Mínimo impacto posible no funcionamento normal do Concello	2	2
Outras melloras do hardware	2	2
Outras certificacións relacionadas co obxecto do contrato (apart. 4.)	2	2
Total	44	42

Xúntase folla coas especificacións técnicas dos Thin Clientes N400, empregadas para a comprobación do cumprimento do prego técnico e a avaliación das melloras, xa que estas non se atopan na oferta presentada pola empresa licitadora.

É canto procede informar".

A continuación procédese á apertura dos sobres C) de ofertas económicas, co seguinte resultado:

**OZONA CONSULTING, S.L.**, propón como prezo de contrato 36.153,05 euros, polo que sumado o IVE (21%) 7.592,14 euros, resulta un total de **43.745,19 euros, IVE incluído**.

. Así mesmo oferta un **incremento do número de terminais lixeiros** (ata un máximo 10) **10**. (Entréganse un total de 60 terminais).

. Oferta un **tempo para a instalación, configuración e probas** de **15** xornadas laborais dende a subministración dos equipos.

. Posúe a certificación ISO 20.000.

A continuación os integrantes da mesa proceden á valoración da oferta económica segundo os criterios de adxudicación previstos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e a puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

**CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS: 56 Ptos**

Criterio	Punt. Máx.
Oferta económica	25
Tempo de instalación, configuración e probas (min. 15 xornadas, máx. 30)	15
Incremento do número de terminais lixeiros (max. 10)	10

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/cbg

Refº: acta lect inf tecn e apert sobres C

Asunto:

Posesión da ISO 9001/2000/2008	0
Posesión da ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información	0
Posesión da ISO 20000 de Xestión de servizos de TI	2
<b>TOTAL</b>	<b>52</b>

Por conseguinte o cadro final de puntuacións tendo en conta a oferta técnica mailos criterios avaliábeis mediante a aplicación de fórmulas quedaría do seguinte xeito:

	OFERTA TÉCNICA	CRITERIOS AVALIABLES MDTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS	TOTAL PUNTUACIÓN
OZONA CONSULTING, S.L.	42	52	94

Así pois en vista das puntuacións, a mesa de contratación propón como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola empresa **OZONA CONSULTING, S.L.**

Sen máis que manifestar, conclúese o asunto de referencia ás 14:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei



O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz